



GUÍA DOCENTE DE **TRANSCRICIÓN I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: TRANSCRICIÓN I-II											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Guitarra		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Guitarra	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.	
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:		

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Transcrición e interpretación na guitarra de repertorio procedente doutros instrumentos. Obxectivos, metodoloxías, e práctica da transcrición musical. Criterios de transcrición e interpretación en relación co estilo, a época e os elementos esenciais-formais, harmónicos, temáticos, etc. da obra, así como coas características dos instrumentos orixinais e as posibilidades técnicas e sonoras da guitarra.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. Para o segundo cuatrimestre, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	As relacionadas directamente co itinerario de Guitarra
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, 2, 3, 6, 13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, 3, 4, 8, 9, 10, 11, 19, 22, 24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI 1, 2, 4, 5, 6, 7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as diferentes técnicas, metodoloxías de transcrición para a guitarra clásica.	Todas
Aprender a discernir o repertorio susceptible de transcribirse para guitarra clásica.	Todas
Desenvolver a capacidade crítica ante outras transcricións xa realizadas por diferentes autores.	Todas
Desenvolver a capacidade de procura de solucionar os diferentes problemas técnicos que se lle vaian suscitando, ampliando os seus propios recursos.	Todas
Transcribir desenvolvendo o criterio persoal respectando os elementos esenciais e característicos da partitura non orixinal para guitarra.	Todas
Valorar a importancia do enriquecemento do propio repertorio a través das propias transcricións.	Todas



#### 4. CONTIDOS

Hª da transcripción para guitarra e outros instrumentos en xeral: Achega ao repertorio guitarrístico actual das transcripcións barrocas procedentes das obras escritas para teclado. Estudo e análise de transcripcións históricas deste período.

Procedementos principais de transcripción para guitarra da música barroca escrita para instrumentos de teclado.

Estudo das principais transcripcións históricas realizadas por outros autores de obras orixinais para teclado barroco e incorporadas ao repertorio habitual da Guitarra.

Estudo dos procedementos principais de transcripción para guitarra da música do período clásico. Estudo dos procedementos principais de transcripción para guitarra da música do período nacionalista español. Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación e tempo e a adecuación ao período clásico e ao período do nacionalismo español.

Desenvolvemento dos aspectos técnicos a traballar: Perfeccionamento de toda a gama de articulacións, modos de ataque e timbres. Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática.

Estudo das principais transcripcións históricas realizadas por outros autores de obras orixinais do período clásico/nacionalismo español e incorporadas ao repertorio habitual da Guitarra. Criterios de transcripción empregados.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	<b>Todo o cuadrimestre</b>
Titorías	Presenciais	<b>Esporádicamente</b>
Interpretación	Presenciais	<b>Esporádicamente</b>
Traballo persoal	Non presenciais	<b>Todo o cuadrimestre</b>

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*